



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2015, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 3.- Toma de coñecemento da Orde de 11 de decembro de 2014, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros. Adopción de acordo en relación ao documento refundido do PXOM

“Por Orde do 11 de decembro de 2014, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditou a ORDE DO 11 DE DECEMBRO DE 2014 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO, recibíndose a comunicación o día 15.12.2014.

A citada orde outorga a aprobación definitiva ao Documento de Cumprimentación da Orde da COTOPT de 11.03.2009, que inclúe os ámbitos deixados en suspenso na citada orde, integra os cambios derivados da execución de sentenzas e das modificacións puntuais aprobadas e corrixe erros materiais detectados na parte do PXOM aprobado definitivamente, pero formulando observacións.

Por Oficina de Planeamiento elaborouse un documento no que se corríxen as observacións formuladas consistentes en:

o ***Os terreos rústicos ao sueste do SUD-15 categorizaranse con protección paisaxística á máis da de infraestruturas.***

Faise esta corrección nos planos de Ordenación Urbanística 2.30D e 2.34B asignándoselles ambas categorías de solo rústico (16 e 17).

o ***Os terreos do oeste do ámbito de solo urbanizable SUD-22 comprendidos dentro da policía de augas, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas.***

Faise esta corrección clasificando os terreos do oeste do ámbito de solo urbano SUD-22 dentro das policía de augas como solo rústico de protección das augas.

Dito cambio afecta a:

- 1.Plano de Estrutura Xeral e Orgánica 1.19.
- 2.Plano de Ordenación Urbanística 2.27B.
- 3.Plano de Xestión 3.19.

O cambio da delimitación e superficie do sector implica ademais cambios nos seguintes documentos de textos:

1.Normativa: no Artigo 56.1 corríxese o nº máximo de vivendas do SUD-22, no Artigo 67.11 corríxese o nº máximo de vivendas deste SUD.

2.Memoria: páxina 377, 463, 472 corríxese a superficie do sector.

o ***O ámbito rústico entre o SUND-10 e a Lagoa de Mera deberá categorizarse como de especial protección de augas.***

Dito cambio afecta a:

- 1.Plano de Estrutura Xeral e Orgánica 1.8.
- 2.Plano de Ordenación Urbanística 2.11B.



CONCELLO DE
OLEIROS

- o *No POL-6 Breixo débese desbotar a tipoloxía edificatoria adosada en máis de dous. (artigo 133 da Normativa).*

Faise esta corrección no texto da Normativa desta Ordenanza singular para o POL-6 Breixo, artigo 133 da Normativa: "Deberase desbotar a tipoloxía edificatoria adosada en máis de dous."

- o *Os plans parciais que desenvolvan os solos urbanizables previstos ao abeiro da Disposición Transitoria 13ª da LOUG, incorporarán xustificación da redución ou eliminación das preceptivas reservas de dotacións públicas.*

Incorporase esta concreción no texto da Normativa para os sectores SUD-22 de O Río-Oleiros (artigo 67.11) e SUD-23 de A Barcala (artigo 67.12): "O ámbito quedará exento da reserva de solo para dotacións públicas establecidas de acordo co artigo 47 LOUG. A estes efectos o plan parcial que o desenvolva deberá incorporar xustificación da súa eliminación."

Ao non considerarse que sexan corrección de erros os seguintes aspectos:

- o *A corrección do planeamento subsistente PE-5 do Río Xentiña.*

Mantense polo tanto o PE-5 coa delimitación tal e como foi aprobado no seu día, deixando o resto dentro do novo PE-5R. Corríxese nos planos de Ordenación Urbanística 2.11B. e 2.12A.

- o *A corrección do viario no ámbito de planeamento subsistente PERI de Rialta.*

Mantense as aliñacións do viario neste ámbito tal e como se aprobaron pola Orde de 11.03.2009. Corríxese nos planos de Ordenación Urbanística 2.15D. e 2.18B.

- o *Os cambios no plano 2-32C das aliñacións, da cualificación da dotación de zona verde por equipamento, e dos usos atribuídos a unha parcela dotacional.*

Mantéñense as aliñacións, cualificación da dotación como zona verde e o uso da parcela como dotacional tal e como se aprobaron pola Orde de 11.03.2009. Corríxese nos planos de Ordenación Urbanística 2.32C e 2.36A.

Este cambio supón a falta de correspondencia entre a cualificación destas parcelas coa realidade rexistral das parcelas que son resultado da execución do Plan Parcial de Mesón de Auga desenvolto pola propia Xunta de Galicia por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo (XESTUR A Coruña).

Trátanse das parcelas 112, 113 e 114 do proxecto de reparcelación de dito sector, elevado a público o 11 de marzo de 2004.

- o A parcela 112 foi adxudicada a Xestur Coruña como equipamento comercial quedando agora como docente.
- o A parcela 113 foi adxudicada a Xestur Coruña como parcela de Servizos Técnicos quedando agora como zona verde.
- o A parcela 114 foi adxudicada ó Concello de Oleiros como dotación escolar quedando agora como zona verde."

Polos técnicos municipais emitíronse os informes técnicos e xurídicos que proceden.

Por isto, ao Concello Pleno propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento do contido da Orde de 11.12.2014, sobre aprobación definitiva do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS.

Segundo.- Dar a conformidade ao documento refundido do Plan Xeral Ordenación Municipal, doc. nº 2014018735 de 27.12.2014 elaborado polo equipo redactor, no que se corrixen as observacións formuladas na Orde de 11.12.2014.

Terceiro.- Proceder á publicación da Normativa e Ordenanzas do PXOM no BOP.

Cuarto.- Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), dándolle traslado de tres exemplares do Doc. Refundido debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello e en soporte vectorial (DWG, DXF ou DGN) ou SHAPE, xeoreferenciado sen protección e con identificación de códigos, así
Praza de Galicia, nº 1 - Telf.: 981.61.00.00 - Fax: 981.63.10.29 **15173 Oleiros (A Coruña)**



CONCELLO DE
OLEIROS

mesmo, no proxecto de normas vectorial, tódolos ficheiros deberán depender dun directorio: “\nome do proxecto” a fin de dar cumprimento á instrución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Quinto.- Comunicar á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda nº 6 do Real Decreto 2591/98 modificado polo RD 297/2013, deberá remitir o PXOM aprobado definitivamente, acompañado de certificación do acto de aprobación definitiva á Dirección General de Aviación Civil.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 2 de febreiro de 2015.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane

